



CRÍTICA

“Deixo a aldea que coñezo por un mundo que non vin”

Puntuación: 3.0/5 (12 votos)



- » Título: [Lúa do Senegal](#)
- » Escritor/a: [Agustín Fernández Paz](#)
- » Ilustrador: [Marina Seoane](#)
- » Ed. [Edicións Xerais de Galicia](#),
- » Ano: 2009
- » Xénero: [Infantil-Xuvenil](#)
- » Coleccion: Sopa de libros
- » Pax: 200
- » ISBN: 978-84-9782-556-6

Khoedi, unha nena de dez anos, ten que deixar a súa casa no sur do Senegal, para instalarse en Vigo, onde o seu pai xa leva varios anos emigrado. Na nova terra, a vida é dura para Khoedi: non coñece a ninguén e todo lle resulta diferente. Está en Europa, mais a súa cabeza e o seu corazón continúan en África. Fernández Paz plasma unha vez máis a súa visión do mundo e faino creando unha voz narrativa intensa, madura e reflexiva a desta rapazar que ten a lúa como confidente.

7 / 9 / 2009

[IMPRIMIR](#)

Isabel Soto. Santiago

Como acontece con gran parte da produción de Agustín Fernández Paz, *Lúa do Senegal* permite acompañar o escritor nos seus primeiros achegamentos a unha historia, posteriormente ampliada e/ou modificada, pois conta cunha primeira xénese dada a

coñecer como relato moito máis breve no colectivo *O son das buguinas* (2007). Neste sentido, non é desdeñable o interese que acubilla a obra do vilalbés desde a ollada da ecdótica e da crítica textual, revelando un curioso e intenso labor creativo nada frecuente no contexto da literatura galega actual.

En *Lúa do Senegal* atoparemos moitas das claves recorrentes do autor, coma tal, unha voz feminina, a utilización da primeira persoa narrativa, un personaxe con devoción polos libros e a lectura, intratextualidades ou, sobre todo e unha vez máis, unha historia “de fronteira” que abre as fiestras cara ao mundo, ás películas, aos poetas doutras latitudes. O libro aborda un problema actual, a inmigración, e faino elixindo como eixe central a carga emotiva que a rodea, a expresión íntima das dificultades, do desarraigo, da tristura, do rexeitamento, mais tamén integrando o optimismo, o respecto, a convivencia de linguas e culturas. Fernández Paz plasma unha vez máis a súa visión do mundo e faino creando unha voz narrativa intensa, madura e reflexiva: a de Khoedi, unha nena de once anos –que axiña nos trae á cabeza o mundo senegalés de Binta, do conmovedor filme de Javier Fesser, un dos referentes do autor no seu proceso de documentación– que atopa na Lúa a súa confidente, o único elemento común entre o mundo que coñece e o estraño que a rodea agora, dúas realidades tan distintas que a fan sentirse *cos pés no aire*, coma se non pertencese a ningures.

A pequena e madura Khoedi, como a Lúa que lle dá nome, devala e medra para ofrecernos a súas reflexións e sensacións desde o 18 de xuño até o 15 de setembro, os seus tres primeiros meses, balizados polas fases da lúa que recollen desde o seu desacougo inicial e os seus medos até a esperanza final de acadar conxugar memoria e futuro, de afacerse a vivir cun pé en cada sitio e de ser forte coma o baobab. O relato transcorre lento, consonte o seu ton evocativo. A voz dun narrador externo toma a remuda nos capítulos 4, 8 e 12 para ofrecer unha ollada externa, mais sen esquecer a focalización central da nena. Confórmase así unha estrutura coidada que acolle ademais outros relatos máis breves, reproducidos ou inseridos na trama, pois Khoedi é unha excelente contadora das historias herdadas da voz e da memoria da avoa Feriane e das que ela mesma constrúe mesturando retallos das que coñece, facendo que semellen novas. Trátase de recreacións de contos fundacionais africanos que responden desde a tradición á orixe das cousas ou invencións baseadas en motivos propios do relato oral.

Marina Seoane capta axeitadamente o ton do relato e achega un conxunto de interesantes suxestións desde a cuberta, na que as grúas voando coa lúa de fondo introducen xa a posible lectura dunha metáfora da emigración. Parécenme ilustracións especialmente logradas o retrato da avoa Feriane (p. 26), o minibús cheo de cor (pp. 58-59), Nambi contemplando a lúa (p. 77), ou as conseguidas composicións coas nenas de diferentes procedencias ao redor do banco da praza (p. 107) e a patera ateigada no medio do mar (p. 127). A imaxe que encabeza o capítulo final (unha Khoedi riseira) e mais a simbólica contracapa do volume (un baobab), reflicten moi ben o aire optimista co que remata a historia e corrixen a dura expresión da protagonista no capítulo 1.

Tras a lectura, ao pasearmos polas rúas desta recreación de Vigo e toparmos cunha nena coma Khoedi, quen poetiza no mundo actual a súa tristura como fixo a Rosalía que ecoa no relato coa emigración galega, comprenderemos mellor a súa saudade e a morriña dunha vida e dunhas paisaxes que quedan lonxe. Non poderemos deixar de botarlle un sorriso de complicidade, de benvida e de esperanza nun futuro mellor.